

ANTROPONIMIA E ONOMÁSTICA GALEGA. ÍNDICE

A) NOCIÓNS BÁSICAS DE ANTPOPONIMIA E ONOMÁSTICA GALEGA.....páx.1-10

- 1.- Orixe dos antropónimos Galegos
- 2.- Orixe altomedieval dos apelidos Galegos
- 3.- Apelidos Galegos medievais
- 4.- Formación e evolución dos nomes persoais medievais
- 5.- Evolución da onomástica galega na Idade Moderna.
- 6.- Antropónimos na actualidade.

B) LISTADO DE NOMES E APELIDOS

- 1.-Listado de apelidos.....páx. 11- 19
- 2.- Nomes Galegos de Muller e de home.....páx.19- 61

C) CARTOGRAFÍA DOS APELIDOS DE GALICIA.....páx. 61

D) GALEGUIZA O TEU NOME.....páx. 61

A.-NOCIÓNS BÁSICAS DE ANTROPONIMIA E ONOMÁSTICA GALEGA

Antroponimia

A **Antroponimia** é a rama da lingüística que se ocupa dos nomes propios e apelidos das persoas, como parte da onomástica, división que estuda os nomes propios en xeral.

- [1 Orixe dos antropónimos galegos](#)
- [2 Orixe altomedieval dos apelidos galegos](#)
- [3 Apelidos galegos medievais](#)
- [4 Formación e evolución dos nomes persoais medievais](#)
- [5 Evolución da onomástica galega na Idade Moderna](#)
- [6 Antropónimos na actualidade](#)

1.-Orixe dos antropónimos galegos

A altura da formación das linguas románicas, entre os séculos VI e IX, o exame da documentación referida a Galicia , escrita en latín, ofrece as seguintes tradicións antroponímicas:

- O **patrimonio romano**, que engloba nomes de persoa de orixe latina (*Fortunius, Valerius, Marina, etc.*), grega (*Eusebius, Eugenia, Eulalia, etc.*) e hebrea (*Ismael, Osías, María, etc.*)
- O **legado xermano**, maiormente gótico pero tamén suevo, aínda que sexan difíciles de separar, con formas latinizadas: *Bermudus, Rudesindus, Miro, Aldegundia, Ilduara, Tota / Toda, etc.*
- O **patrimonio hispánico**, posibelmente en boa medida onomásticos vascoides, que se reflicte nunha serie de nomes, pouco numerosos, que chegan a acadar un certo éxito: *Velasco / Vasco, García, Urraca / Orraca, Scemeno / Scemena.*
- Algúns casos esporádicos de **onomásticos árabes**, pola chegada a territorio galego de cativos musulmáns ou de refuxiados mozárabes..
- O **uso dun único nome para cada individuo**, fronte ó costume romano dos tres nomes (*tria nomina*)

2.- Orixe altomedieval dos apelidos galegos

A partir do século IX comeza a aparecer un segundo nome. Este é o xerme do que logo se designaría como apelido. Pois a pesar da grande variedade de onomásticos persoais que se utilizaban, subsistiu a necesidade de identificar con claridade a cadaquén (así un escrito de 1007 distingue "*alio Vimara*": "*outro Vimara*" porque se citara antes un tocaio dese). Empregaranse varios recursos:

- O **nome do pai**, ben aposto en nominativo: *Fromarigus Vidisclia* (966), ben aposto en xenitivo, p.e.: *Vistrarius Eroni* (966), ou ben aposto con un sufixo, tamén en xenitivo, -ci, rapidamente transformado en -z, creado con anterioridade, p.ex. *Sisegutus Pelaz* (a. 921), *Emisindus Petriz* (a. 935), *Marina Ovequiz* (a. 1082), *Tota Joanis* (idem).
- O **oficio ou profesión**, que os documentos máis antigos, nos que aparecen primordialmente individuos dos estratos superiores reflicten como cargos institucionais: *Raymundus comes* (a. 921), *Onorigus confesor* (a. 928), *Gudigeve abatisse* (a. 964), *Menendo monacho* (a. 1076).
- A **orixe xeográfica do individuo**, que nos tanteos iniciais pode ser mesmo un sintagma: *Genitigia, quae fuit de Lemabus* (a. 997), é dicir: *Genitigia, que era de Lemos*.
- Un **alcume ou sobrenome**. Xa en 997 temos un *Uincentius Malus*, i.e. *Vicente (o) Malo*. Nun só documento de 1137: *Pelagius Curvus*, *Didacus Capas*, *Aluarus Rubeus*.

Unha variante máis viría engadirse para conformar a variedade temática dos apelidos galegos, que serán os de orixe estranxeira, entendido nun sentido lato, como apelidos fóra do sistema lingüístico propio de Galicia, en rápido proceso de formación:

- **Apelidos estranxeiros de diversa orixe**: casteláns, cataláns, franceses, etc. O seu número foi aumentando a medida que se acrecentou a afluencia de forasteiros, á par da importancia do Camiño de Santiago. Xa en 955 cítase en Compostela un *Bertenando Franco*, demasiado xenérico, mais en 1199 atopamos en Melide un *Nuno Gualman*, que pode ser o antecedente máis remoto coñecido do aínda actual *Galmán*.

3.- Apelidos galegos medievais

Da aplicación desas modalidades foran aparecendo ao longo da Idade Media os diversos apelidos:

- Da primeira xorden os **apelidos patronímicos** (**matronímicos** se procede do nome da nai). Velaí unha mostra de apelidos galegos medievais con exemplos documentais, na que indicamos en negra as formas actuais (con * indicamos as non rexistradas por nós:

Álvarez (p.ex., en 1082: *Monio Alvariz*, en 1281: *Iohan Aluarez*), **Bermúdez** (1082: *Roderico Veremudiz*), **Bernárdez** (1454: *Afonso Bernaldes*), **Díaz** (1001: *Odoarius Didaci*; 1244: *Lopo Dias*), **Domínguez** (1269: *Pedro Domínguez*), **Estévez** < STEPHANICI < STEPHANUS (1274: *Martín Steuâês*; 1276: *Marina Esteueez*), **Fagúndez**, formado desde FACUNDUS (1292: *Martý Fagúndez*), **Fernández** (1082: *Odoario Fernandiz*, 1307: *Sancha Fernandes*), **Flórez** (1323: *Lopo Flores*), **Froiz / Frois** < FROILICI < FROILA, segundo Piel (1137: *Didacus Froilet*, 1147: *Ramirus Froiez*, 1271: *García Froyes*), **Giráldez**, desde GIRALDUS < GERHARDT (1158: *Arias Giraldez*, 1307: *Roy Giraldez*), **Gonçalves** < GUNDISALUICI < GUNDISALUUS (1137: *Pelagius Goncalauiz*, 1370: *Affonso Gonçalues*) e o seu correlato **González** (1360: *Fernan Gonzalez das Lageas*; 1408: *Nuno Gonzalez*, 1520: *Marquesa Gonçales*), **Gutiérrez** (1001: *Pepi Gutierrez*, 1227: *Fernando Guterriz*), **Henríquez / Enríquez** (1257: *Johan Anriquez*), **López** (1095: *Scemeno Lupiz*, 1360: *Gonçaluo Lopes*), **Martínez** (1198: *Iohannes Martiniz*, 1257: *Pedro Martínez*, 1483: *Alvaro Martines*), **Méndez** < MENENDICI < MENENDUS < HERMENEGILDUS (982: *Sisnandus Menendiz*, 1321: *Roy Meendez*, 1460: *Costança Mendes*), **Miguel** (1275: *María Miguelez*, 1325: *Johan Miguelez*) á par de **Míguez / Mígues / Míguens** < MICHAELICI (1188: *Rui Miguez*, 1295: *Ioham Mjgées*; 1491: *Gomes Mígues*), **Moniz** (1076: *Maria Monniz*, 1274: *Azêda Moniz*), **Muñiz** (1016: *Ecta Municí*; 1227: *Petrus Muniz de Suagildí*), **Muñoz** < xenitivo de MUNIO, -ONIS (1001: *Nunno Munionis*; 1228: *Dominicus Munionis*), ***Núñez** (1016: *Nunius Nuniz*, 1281: *Aras Nunez*, 1516: *Barbora Nunnes*), **Ordóñez**, de ORDOÑO, evolución nos romances hispano-centrais desde FORTUNIUS (1111: *Veremundi Ordonis*; 1273: *Paay Ordonez de Penosinus*), **Ozores** < OSORICI < OSORIUS (1156: *Petrus Osoriz*, 1280: *Gonçaluo Osorez*), **Páez** < PELAGICI < PELAGIUS (1082: *Didaco Pelaiz*, 1241: *Gonçaluo Paez*) ou, con a mesma orixe **Pais** (1271: *Domingo Pays de Camoira*; 1281: *Maria Payz*) e **Paz / Pas** (1323: *Roy Paas*; 1454: *Alvaro Paas*) xunto con **Peláez** (1204: *Pelagius Pelaiz*, 1330: *Iohan Pellaiz*, 1450: *Fernâ Pellaes*), **Pérez** < PETRICI < PETRUS (1095: *Muninus Petriz*, 1216: *Aras Perez*), **Ramírez** (1001: *Ranemirus Ranemiriz*; 1271: *Martí Ramiriz*), **Reimóndez**, posibelmente de RAGIMUNDUS (1271: *Váásco Reymondez*), **Rodríguez** (1153: *Alvarus Ruderiguiz Gallecie*; 1298: *Sancha Rodriguez*, 1429: *Biringuela Rodrigues*), **Salvadores** (1243: *Dominicus Salvatoris*; 1370: *Pedro Salvadores*), **Sánchez** (1091: *Aragonti Sangiç*; 1115: *Eldoncia Sanchiz*, 1394: *Aluar Sanches de Hulloa*), **Suárez** < SUARICI < SUARIUS (1164: *Sanxa Suarici*; 1257: *Martin Suares*), **Vázquez** (1087: *Osorio Velasquiz*, 1106: *Gudesteo Veasquiz*, 1160: *Petrus Vahasquiz*, 1272: *Meen Vaasquez*, 1497: *Roy Vasques*) etc. De IOHANNIS, usado como xenitivo, formaranse varios resultados diferentes: **Anes** (1262: *Pedre Anes*; 1454: *Maria Anes*), **Eans**, **Eanes**, **Enes**, **Ennes**, **lanes**, **Yanes** (1273: *Eldora Yanes*, que en 1276

aparece como *Eldora Eanes*; 1275: *Laurenço lanes d'Ourense*; 1396: *Eynes lanes*), **Oanes** (1082: *Tota Joanis*; 1272: *Migael Joanes*; 1279: *Gonzaluo Oanes*).

Parte dos patronímicos son o mesmo nome do pai (ou tamén da nai):

- **Abel** (1361: *Johan d'Auel*), **Afonso** (1520: *Fernando d'Afonso*), **André/ Andrés** (1321: *Martín André* / 1333: *Johan Andres*), **Ares** (1254: *Rodrigo Ares*) ou a súa variante **Arias** (1151: *Froyla Arias*), **Diz** < DINÍS < DIONISII (1483: *Diego Diis*), **García** (1316: *Aras Garcia*; 1454: *Eluira Garçia*), **Giao** < IULIANO (1454: *Lopo Giaao*), **Gil** < AEGIDII (ca. 1152: *Petrus Gil*; 1287: *Steuao Gil*), **Gómez** (1227: *Ruderico Gomez*; 1335: *Eynes Gomes*; 1489: *Sancha Gomes*), **Jácome** < IACOB (1291: *Pedro Jácome*), **Macía** < MATHIA (1347: *Pedro Maçia*; 1454: *Oraqa Maçia*), **Martín** < MARTINI (1252: *Marie Martin*; 1467: *Juan Martin*), **Ogea / Ojea** < EUGENIA (1423: *Lopo Ougea*; 1482: *Alvaro Ougea*), **Tomé** < THOMAE (1255: *Petro Tome*; 1290: *Martín Thome*; 1454: *Johan Tome*); **Vidal** < VITALE(M) (1240: *Petro Vitale*; 1305: *Johan Vidal*).

Pode observarse que do mesmo xeito que temos un vocabulario común co castelán, o corpus de apelidos patronímicos de Galicia evoluiu, en certos casos, para resultados coincidentes. Noutros casos, nos que as leis lingüísticas podían orixinar resultados diferentes, como González, Martínez, Miguelez ou Peláez (e existen: Martíns, Míguez, País e Páez), os falantes escolleron unir -ez ao nome propio do seu pai: Gonzalo + -ez (lémbrese que Gonçalo é usual hoxe en portugués), Martín + -ez, Miguel + -ez, e talvez sobre un Pelaió + -ez, dun nome que importaban como se incorporaron outros nomes (se non era no último caso un arcaísmo).

Outra conclusión que se pode extraer é que segundo avanzou a Idade Media, os nomes propios con procedencia na área grecorromana foran aumentando fronte aos xermánicos, maioritarios no período altomedieval.

- Da segunda modalidade de aposicións altomedievais xurdiran os **apelidos que indica profesión, oficio, dignidade**, etc. Así por exemplo:

Bispo / Vispo (1435: *Roy Bispo*; 1489: *Fernán Vyspo*), **Cabaneiro** (1249: *Rodericus Petri, dictus Cabanerus*; S. XV: *Johan Cabaneiro*), **Cabreiro** (1436: *Martin Cabreiro*), **Capelán** (1455: *Eluira do Capelán*), **Casado** (1294: *Johan Casado*), **Cerralleiro** (1454: *Afonso Saraleyro*), **Chantres** (1316: *Afon Peres Chantres*), **Colmeiro** (1482: *Lopo Colmeyro*), **Ferreiro / Ferreira** (1274: *Vicente ferreyro*; 1422: *Estevo Ferreira*; 1454: *Costança Ferreyra*), porén a forma feminina pode ser tamén de orixe toponímica; **Frade** (1285: *Iohan do Frade*), **Freire** (1289: *Aras Freyre*; 1442: *Johan Freire*), **Labrador** (1403: *Fernán Lavrador*), **Mariño** (1273: *Pero Marino*; 1467: *Juan Marynno*), **Mercador** (1274: *Pero Perez dito mercador d'Ourense*; 1406: *Ares Mercador*), **Mogo** (1225: *Gundisalvo Monago*; *Johanne Moogo Costanzo*), **Moleiro** (1333: *Pero Molleyro*; 1407: *Fernán Moleiro*), **Notario** (1488: *Jacome Notario*), **Porteiro** (1282: *Pedro Uidal dito Porteyro*; 1350: *Martin Porteiro*), **Romeu** (1251: *Petro Romeu*; 1467: *Jacome Romeu*), **Señor** (1306: *Johan Sennor*; 1450: *Maria Señora*).

- A terceira modalidade orixinou os **apelidos toponímicos**. Na inmensa maioría dos casos o **topónimo vai precedido da preposición de**, o que demostra que os apelidos actuais con tal preposición non indican de por si a pertenza a unha liñaxe nobiliaria. Eis unha mostra:

Abeleda (1278: *Pedro Sanchez d'Auelaeda*; 1484: *Pedro de Abeleda*), **Araújo** (1491: *Ferrán d'Araujo*), **Brandeso** (1484: *Juan de Brandeso*), **Arousa / Arosa** (1416: *Pero da Arouça*), **Camós** (1437: *Gonçalvo de Camoes*), **Garabatos** (1495: *Ares de Garabatos*), **Iglesia** (1438: *Gomes da Iglesia*), **Ínsua** (1454: *Johan da Ynsoa*), **Irijoa** (1429: *Juan de Irijoa*), **Junqueira** (1374: *Pedro de Junqueira*), **Lage / Laje / Laxe** < de LAGENA (1269: *Martin da Lagea*; 1331: *Iohanne da Lage*; 1549: *Ruy da Laje*), **Lago** (1438: *Gonçalvo do Lago*), **Merza** (1422: *Afonso de Merça*), **Lemos** (1414: *Johan de Lemos*), **Novoa / Noboa / Noboa** (1364: *Johan de Novoa*; 1435: *Lyonor de Noboa*), **Pumar** (1434: *Vaasco do Pumar*), **Remesal** (1289: *Pedro Remesal*), **Ruanova** (1454: *Gomes da Rua Noba*; 1481: *Pero da Rua Nova*), **Sanlés** < da comarca do Salnés < (TERRA) SALINENSE (1416: *Afonso de Salnes*; 1438: *Afonso Sanles do Camino*), **Sas** < de SALAS (1500: *Juan de Saas*), **Torre / Atorre** (1276: *Ruy Perez dictu da Torre*; 1505: *Gomes da Torre*), **Valeirón / Baleirón** (1158: *Petrus de Valeiron*; 1365: *Iohan Valeiron*), **Viso** (1417: *Gonçalvo de Viço*, 1486: *Afonso do Vyso*)

Tamén pertencen a esta sección boa parte **dos apelidos orixinados en nomes de santos**, porque con frecuencia aloden ao santo protector da freguesía de orixe do individuo que ostenta o onomástico ou ben indica un lugar formado por un hierónimo (en casos poden aludir ao santo do día, ou a unha devoción particular):

Cruz (1423: *Johan da Crus*), **Sampayo** (1470: *Fernan de Sam Payo*), **San Pedro / Sanpedro / Sampedro** (1442: *Alvaro de Sant Pedro*; 1502: *Juan de San Pedro*), **Sanfiz** (1519: *Gonçalo de San Fiis*), **Sanjurjo** (1342: *Gomez Eanes de San Gurgo*; 1491: *Jacome de Sanjurjo*), **Seoane** (1430: *Iohan Seoane*; 1474: *Fernan de Seoane*).

Tamén se poden incluír aquí os apelidos orixinados **en xentilicios**: [[Galego]] / **Galejo / Gallego** (1297: *Pero Galego da Garda*), **Esturao** "asturiano" (1487: *Fernando Asturiaao*), **Portugués** (1488: *Pedro Portuguees*), **Alamán / Alemán** (1438: *Rodrigo Alaman*).

- A cuarta modalidade deu lugar aos **apelidos orixinados dun alcume ou sobrenomes**. Os temas poden ser variados:

✚ **Relativos a cualidades físicas** (reais ou imaxinarias do suxeito): **Albo** (1258: *Iohanne Albo*), **Bermello / Vermello** (1445: *Roy Vermello*), **Bocacho** (1294: *Fernan Yanes Bocach*; 1303: *Fernando Affonso Bocacho*), **Calvete** (1275: *Martin Caluete de Leyro*; 1403: *Gomes Rodrigues Calvete*), **Chamorro** (1434: *Johan Chamorro*; 1447: *Pero Chamorro*), **Crespo** (1173: *Martinus Crispus*; 1428: *Afonso Crespo*), **Feijoo** (1448: *Pero Feijoo*; 1468: *Iohan Feixoo*; 1510: *Luis Feijoo*), **Gago** (1280: *Martí Perez dito Gago*; 1424: *Pedro Gago Ferreiro*), **Longo** (1201: *Pelagio Longo*; 1437: *Afonso Longo*), **Mouriño** (1322: *Ferná Martins dito Mouriño*; 1417: *Rui Mouriño*), **Rapado** (1400: *Johan Rapado*), **Regalado**, cfr. galego (a)rregalar "revirar os ollos" (1284: *Pay Eanes dito*

regallado de Nanton). A este apartado pertencen tamén os sobrenomes que aluden a partes do corpo, p.ex.: **Cabeza(s)** (1267: *Iohannes Cabeza*; 1417: *Vasco Peres Cabeça*), **Costas**, cfr. galego **costas**: "lombo do corpo" (1280: *Petro Perez dito Costas*), **Topete** (1268: *Johanne Topete*, 1286: *Fernan Eanes dito Topete*).

✚ **Referidos a cualidades morais**: **Alegre** (1296: *Jhoâ Alegre*; 1454: *Eluira Alegre*), **Amigo** (1292: *Pero Amigo dicto Amigo de Coymbraos*), **Cansado** (1454: *Gonçaluo Qansado*), **Cordo** (1305: *Johan Cordo*), **Leal** (1275: *Pedro Leal*; 1433: *Johan Leal*), **Ledo** (1274: *Martin Ledo*; 1454: *Estevoo Ledo*), **Manso** (1287: *Johan Mâsso*; 1516: *Francisco Manso*), **Salgado** (1259: *Petro Lupi dicto Salgado*; 1488: *Aluaro Salgado*), **Sutil (1419: Iohan Sutil)**, **Traveso (1269: Martí Travesso; 1385: Afonso Yanes Traveso)**, **Tato (1331: Afonso Tato; 1485: Juan Tato)**.

✚ **Comparacións con animais**, como p.ex.: **Abella** (1275: *Pero Abella*), **Balea / Valea** (1493: *Afonso Valea*; 1525-1535: *Rui Balea*), **Cabalo** (1177: *Munio dictus Caballus*; 1289: *Pedro Iohannis, dito Cauallo*), **Chasco** (1248: *Iohannes Chascus*), **Jamardo** (1248: *Fernandus Petri dictus Gamardus*), **Mascato** (1440: *Gonçalvo Mascato*), **Pato** (1433: *Aluaro Pato*; 1533: *Ruy Pato*), **Ratón** (1330: *Fernan Eanes, Raton*; 1441: *Vasco Raton*), **Solla** (1242: *Petri Fernandi dicti Solia*), **Vaca** (1302: *Esteuoo Uaca*).

✚ **Referencias as plantas, partes delas ou froitos**, p. ex.: **Baluga / Baluja** (1434: *Gonçaluo Baluga*; 1494: *Vasco Baluga*), **Bugallo** (1449: *Juan Bugallo de Bueiros*), **Carballo** (1378: *Roy Lourenço, dito Caruallo*), **Cereijo** (1454: *Roy Cereygo*; 1506: *Aluaro Çereyjo*), **Ramallo** (1457: *Afonso Ramallo*).

✚ **Alusións a todo tipo de obxectos**, como: **Agulla** (1420: *Juan Agulla*), **Caldeiro** (1449: *Fernan Caldeiro*), **Cuba** (1255: *Pedro Pelagii Cuba*), **Fariña** (1369: *Diego Fariña*), **Loriga** (1308: *Pedro Fernández Loriga*), **Saco** (1515: *Pero Saco de Villanoble*), **Tacón** (1314: *Pero Tacón*)

- A última variante está formada polos **apelidos estranxeiros** (aínda que é cuestión discutíbel para o portugués da época), **foráneos ao sistema lingüístico galego**, onomásticos traídos polos numerosos inmigrantes, peninsulares ou europeos, chegados a Galicia polas circunstancias máis diversas:

Abarca (1487: *Abraan Abarca*), **del Castillo** (1484: *Christoval del Castillo*) ; **Frango**, cfr. portugués **frango** "polo" (1454: *Ares Frango*), **Goth** (1283: *Johan Goth*), **Mendoza** (1418: *Pedro de Mendoza*), **Padilla** (1458: *Johan de Padilla*); **Soixon**, posibelmente do topónimo francés Soissons (1421: *Afonso de Soixon*), **Tamayo** (1455: *Pero de Tamayo*), **Zubiazo** (1416: *Juan Sanches de Çubiaçu*)

4.-Formación e evolución dos nomes persoais medievais

Paralelamente houbo unha escollo dos nomes propios, de pía ou de bautismo. As **características esenciais** que mostran son as seguintes:

- Uso dun único nome persoal ao longo de todo o período.
- Paso do predominio da onomástica xermánica no período altomedieval, a unha igualdade entre esa tradición e a tradición latino-cristiana. Así Manuel Ferreiro, a partir dos padróns da cidade de Ourense, acha que no século XV, os trece nomes persoais máis utilizados (damos consonte a escrita actual e entre parénteses as grafías na transcripción de [Ferro Couselo](#)), que son:

Xoán (Johan, Juan), **Afonso**, **Pedro** (Pedro, Pero), **Rodrigo** (Rodrigo, Roy), **Gonzalo** (Gonçaluo), **Álvaro** (Aluaro, Alvaro), **Fernando - Fernán**, **Gómez** (Gomes), **Diego**, **Vasco** (Vaasco, Vasco), **Ares**, **Lopo**, **Martiño - Martín** (Martiño, Martín, Martyn) .

Outros: **Paio** (Payo), **Lourenço**, **Xácome** (Jácome), **Nuno**(Nuno, Nuño), **Estevo** (Esteuoo, Estevoo, Estebo), **Henrique** (Anrique, Enrique), **García** (Garçía), **António**, **Luís** (Loys, Luys, Luis), , **Mendo** (Meen, Meendo), **Tomás**, **Jorje**, **Miguel** (Migeel, Miguell), **Gabriel** (Grauiel, Grabiell), **Bernaldo** (Vernaldo), **Gregorio** (Gregorio, Grigorio), **Nicolás**, **Francisco** (Françisco, Francisco), **Aparicio** (Apariço), **Andrés**, **Vinçenço**, **Paulos**, **Domingo**, **Pascoal**.

Entre a étnia xudea úsanse: **Abraham** (Abrafán, Abraán), **Samuel**, **David** (Dabí), **Xacob** (Jacó), **Isaac** (Ysaque)

- Para as mulleres (aínda que o número de casos é moi inferior) os máis frecuentes eran: **Constança** (Costança, Constança), **Inés** (Eynés, Aeynés), **Tereija - Tareija** (Tereyja, Tareija), **Maria**, **Maior** (Moor, Mor, Mayor), **Leonor** (Lyonor, Lionor), **Aldonza** (Aldonça), **Elvira** (Eluira, Eluyra), **Catalina** (Catalina, Catalyna, Katalina), **Aldara**, **Mariña**(Maryna), **Beatriz** (Biatrís), **Sancha**, **Xoana** (Johana).

Outros que aparecen: **Margarida**, **Oufemea**, **Mencía** (Mençía), **Esteboa**, **Orraca** (Oraqa), **Branca**, **Dona** (xudeo)

- Da análise das series anteriores poden deducirse varios principios:
- Que os nomes evoluíran segundo as propias regras do galego, p.ex. , Diego < DIDACU, Estevo < STEPHANU, Lourenço < LAURENTIU, Martiño < MARTINU, Nuno < NUNNU, Paio < PELAGIU, Vasco < VELASCU-BELASCU, Xácome - Jácome < XACOBÉ, Xoán - Johan < IOHANNE, Einés < AGNESE, Margarida < MARGARITA, Mariña < MARINA, Mor < MAIORE. Lopo é un semicultismo < LUPU, etc.

- Non se diferencia publicamente entre nome formal e hipocorístico (Pero, Roy, Meen, Mencía).
- En certos casos ou hai unha regresión cultista (Tomás, Luís, Mayor, Paulos, cfr. para este caso o actual apelido Pailos) ou ben hai xa un maior influxo castelán (nos padróns dos anos 1483, 1487 e 1490 hai unha clara preponderancia do nome Juan fronte Johan, no que tamén interfere o feito de que o primoxénito dos Reis Católicos foi o príncipe Juan; do mesmo xeito nesos padróns hai varios Henrique, cando no de 1454 non aparece ningún, que se puidera achacar ao nome do rei anterior Henrique IV, prestixiado como valedor dos Irmandiños).
- Que as regras ortográficas da época, como tamén se observa para os apelidos, usan "j", "g", "y", en casos en que hoxe non se faría. O mantemento destas grafías en períodos posteriores abre un campo de discusión.

5.-Evolución da onomástica galega na Idade Moderna

O corpus básico da antroponimia galega fora fixado na Idade Media, de xeito que durante a Idade Moderna, sen excluír a creación de novos apelidos, nomeadamente de tipo alcume ou de oficios, o que achamos é unha máis abundante documentación. Tampouco na onomástica haberá grandes novidades en conxunto, como moito serán comarcais. Porén a acrecentada influencia castelá e a chegada, en maior cantidade de foráneos, serán a maior fonte de novidades.

• **Castelanización dos apelidos.**

Ao converterse o castelán no idioma da Corte e o paralelo proceso de centralización administrativa conlevou unha serie de pasos tendentes a prohibicións parciais dos restantes idiomas peninsulares, que conduciron a intentos de castelanizar tanto a toponimia como a antroponimia no territorio galego.

Este proceso é observábel desde antes do XV. En 1430: **Juan d'Otero**. Proceso que puido ser efectuado individualmente por desexo de medrar. En 1386 aparece un **Nuno Peres d'Orantes** (S. Clodio, doc. 389), en documento redactado en Toro, mentres na mesma zona de orixe hai aínda en 1454 unha **Eynés d'Ourantes**. Indubitabelmente o apelido está en relación con *Ourantes*, lugar de Punxín, Ourense. En 1757 sería bautizado en Pontedeume o futuro presbítero **José Jacinto del Río López** (1757-1819), porén na acta o seu pai figura como **Joseph do Río**; mais nas actas da Universidade de Santiago o presbítero figurará como **de el Río / del Río**.

De xeito semellante ao longo da Idade Moderna iranse asentando os *Soto* (1639: **Juan Soto González**; 1772: **José de Soto**), *Sotelo* (1639: **Juan Sotelo**), etc, de modo paralelo a como se foran mudando outros topónimos. Baste citar os que comezaban con *vila-*, pasados doadamente a *villa-*: 1564: **Luis de Villamarín**; 1699: **Miguel de Villamor**; 1602: **Alonso de Villamoure**; 1561: **Juan de Vilariño**, á par de

Alonso de Villarino; 1556: **Martín de Villaverde**. Certo que pode alegarse antigo reflexo gráfico, como sucedeu en portugués, pero agora era noutro sistema o que daría a pauta de lectura. Tema parello son as grafías con "j", "g", "y", do tipo *Cagiao, Coya, Eyras, Fojo, Gegunde, Gigirey, Jares, Juvíño, Seijas*, que poden responder tamén a arcaísmo gráfico, pois como se ve na documentación medieval eran usados na documentación galega. Lema Suárez ten demostrado como estas transformacións se foran efectuando en boa medida por decisión dun escribán ou un crego, con poder para asentar un onomástico por escrito.

- **Máis apelidos foráneos.**

Pódense citar varios focos de atracción que provocaron a chegada de xentes de fóra da Galicia:

A demanda dos centros artísticos: catedrais, mosteiros, nobreza, etc, en boa medida impulsadas pola reformas eclesiásticas e o auxe da fidalguía. Así en relación con Santo Estevo de Ribas de Sil traballarán, entre outros, a fins do XVI: **Diego de Isla** (montañés), **Juan Bautista Celma** (aragonés), **Juan de Angés** (francés, en realidade sería "de Angers"), **Manuel de Arnao Leitão** (portugués), **Fructuoso Manuel** (portugués).

A reforma emprendida polos Reis Católicos puxo a dirección dos conventos en mans de foráneos, que viñan con frecuencia acompañados de paniaguados e familiares. Baste ver, p.ex., algúns nomes de abades de Monfero no XVII: *Joaquín de Lora, Angel Manzanares, Ignacio Cuadrillero, Malaquías Insausti, Malaquías Junquera, Gabriel Valladolid, Mauro Albarrán, Isidoro Meruéndano, Geroteo Higuera*, etc .

Para reimpulsar as ferrarías e minas desde o XVI aparecen numerosos vascos, nomeadamente na zona oriental galega, pero non só: *Juan de Belastegui, Martín de Celaya* (zona mindoniense), *Andrés de Bedía, Lopo de Espella, Miguel de Aurtiz* (Quiroga), *Gsspar de Arestigui, Pedro Bizcaíno, Martín de Gurriarán* (Valdeorras).

Para o XVIII, con continuación no XIX, débese destacar a chegada de cataláns (ás veces son valencianos e mallorquíns) ao litoral, en relación con a súa expansión pesqueira. Asentados nas rías, os seus apelidos ficarán entre nós: , **Alsina, Buch, Buhigas, Castañer, Colomer, Curbera, Curt, Dalmau, Doménech, Fábregas, Ferrer, Goday, Jover, Lloret, Martí, Nunell, Parachá, Pasant, Poch, Pou, Roig / Roch, Romaní, Roquete, Roura**, etc. En bastantes casos as grafías tampouco eran as normais catalás ; noutros casos os apelidos foron adaptados aquí: **Almau, Almao**, rexistrados na Coruña, son sen dúbida unha segmentación errada de **Dalmau**.

De europeos: **Barrié, Lees, Bret, Vitry, Roo** (todos citados por Lucas Labrada), **Marchesi, Tettamancy**, etc.

6.-Antropónimos na actualidade

Os 25 nomes dados a bebés máis frecuentes na derradeira década do século XX en Galicia son:

Orde	Muller	Orde	Home
1	Laura	1	Hadrián
2	Andrea	2	David
3	María	3	Daniel
4	Sara	4	Alexandre.
5	Alba	5	Pablo
6	Cristina	6	Diego
7	Lucía	7	Iván
8	Marta	8	Xavier
9	Paula	9	Rubén
10	Ana	10	Serxio
11	Noelia	11	Manuel
12	Raquel	12	Miguel
13	Sandra	13	Carlos
14	Patricia	14	Xurxo
15	Nerea	15	Alberto

16	Tania	16	Cristian
17	Lorena	17	Martiño
18	Tamara	18	Brais
19	Beatriz	19	Marcos
20	Iria	20	Óscar
21	Silvia	21	Iago
22	Carla	22	Álvaro
23	Antía	23	Borxa
24	Natalia	24	Xosé Manuel
25	Rocío	25	Anxo

Bibliografía

Fontes lingüísticas

- Faure, Roberto et alii, *Diccionario de apellidos españoles*. Madrid. 2001 - ISBN 84 239 2289 8
 - Ferro Ruibal, Xesús (dir.) *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo. 1992. ISBN 84-7680-096-7.
 - Leite de Vasconcelos, *Antroponimia portuguesa*. Lisboa, 1928.
 - Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*. 2007 - Vigo: Xerais. ISBN 978-84-9782-642-6
 - Piel, Joseph M., *Sobre os apelidos portugueses de tipo patronímico en -ici / -es (Rodrigues)*, in *Boletim de Filologia*, t. XXI. Lisboa, 1962-1963
- Fontes históricas medievais**
- Ferro Couselo, *A vida e a fala dos devanceiros*, vol. II. Vigo. 1967
 - *Cartularios dos mosteiros de Ribas de Sil (Duro), San Pedro de Rocas (Duro), Sobrado (Loscertales), San Clodio do Ribeiro (M. Lucas, P. Lucas), etc.*

Fontes históricas modernas

- Rodríguez Fráiz, Antonio, *Tierra de Montes: El monasterio de Acibeiro*. Pontevedra. 1973 - ISBN 84 400 6803 4
- Alonso Álvarez, Luis, *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen, 1750-1830*. Madrid. 1976 - ISBN 84 7339 243 4

- Daviña Sáinz, Santiago, *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*, in *Cátedra: revista eumesa de estudios*, nº 8, 2001.

B.- Listado de nomes e apelidos

Listaxe de apelidos.Enlace:

<http://www.amesanl.org/apelidos/listado.html>

1Listado de apelidos

A - B - C - D - E - F - G - H - I - L - M - N - O - P - Q - R - S - T - U - V - X

| **SEG** |ARRIBA

A

ABADE.	Do latín "abbas", superior dun convento.
ABEIXÓN.	Do topónimo Abeixón.
ABUÍN.	Do topónimo Abuín.
ADRIO.	Semicultismo, da mesma orixe ca "adro".
AFONSO.	Nome xermánico moi común. Nun tempo lonxano puido transmitir a idea de alguén "preparado para o combate".
ÁLVAREZ.	Patronímico "fillo de Álvaro"
AMENEDO.	De "amenedo", lugar onde hai ameneiros.
AMOR.	Do topónimo Amor.
ANTA.	Do topónimo Anta.
AÑÓN.	Probabelmente dalgún topónimo Añón.
ARXIBAI.	Probabelmente do topónimo Arxibai (posesión ou dominio de Argibadus).

ANT | **SEG** |ARRIBA

B

BAHAMONDE, BAAMONDE, VAMONDE.	Ten a orixe nun topónimo que procede do xenitivo Badamundi, nome persoal de orixe xermánica Badamundus.
BAL.	
BARREIRO.	De "barreiro", lugar de onde se extrae barro ou arxila.
BIÉITEZ, BIEITES.	Orixe patronímica "fillo de Bieito".
BOCIXA.	Ten a súa orixe nun topónimo.
BOUZAS.	De "bouza", terreo inculto ou monte baixo.
BRAÑAS.	De "braña", pasto ou panasco de alta montaña.
BUXÁN.	Do topónimo Buján.

ANT | **SEG** |ARRIBA

C

CABALEIRO.	Derivado de cabalo. Persoa montada a cabalo ou membro da orde da cabalaría.
CALVIÑO.	
CAMAÑO.	En galego medieval significaba "grande", así que pode proceder dun alcume.
CAMIÑO.	
CANAL.	De "canal", parte máis fonda dunha masa de auga.
CANCELO.	
CAO .	Significa "de cabelo branco", probábel orixe deste alcume.
CAO .	
CARBALLO.	Fitónimo que, por alcume ou por vía de topónimo pasou a apelido.
CARREIRA.	
CASARES.	Do topónimo "casal".
CASTELO.	
CASTIÑEIRA.	
CAXADE.	Ten a súa orixe nun topónimo.
CAXARAVILLE.	Ten a súa orixe nun topónimo.
CAXIDE.	Do topónimo Caxide, que posibelmente veña do nome dun señor chamado Cagitus ou Kagitus.
CERNADAS.	Do topónimo "Cernadas".
CERVIÑO.	Probabelmente de "Zerbino", nome de persoa común na Italia medieval e que aparece no Decamerón.
CIMADEVILA.	
CONDE.	Probabelmente dun alcume que se usaba para gabar.
CORVO.	
COSTOIA.	Ten a súa orixe nun topónimo.
COUTO.	Do topónimo "couto", propiedade ou algo que se acouta.
COVA.	
CURROS.	Do nome "curro", lugar onde se reúne gando ceibo.

ANT | SEG | ARRIBA**D**

DEUS.	De "Deus"; nun principio debeuse usar xunto con "de".
DÍAZ.	Orixe patronímica, "fillo de Didacus".
DOMÍNGUEZ.	Orixe patronímica, "ffillo de Domingos".
DURÁN.	De posíbel orixe francesa (Durand).

ANT | SEG | ARRIBA**E**

EIREA.	
ESPIÑA.	
ESPIÑO.	
ESTÉVEZ .	De orixe patronímica "fillo de Estevo".
EXEA .	

ANT | SEG | ARRIBA

F

FANDIÑO.	
FARIÑAS.	Do latín "farina".
FAXINAS.	Probabelmente un alcume do substantivo "faxina" (traballo, tarefa, labor), ou do toque cuartelario "fajina".
FELGUEIRA(S), FILGUEIRA(S).	
FERNÁNDEZ.	Orixe patronímica "fillo de Fernando".
FERREIRO.	Do latín "ferrum".
FERRO.	
FIDALGO.	Probabelmente teñan a súa orixe nun alcume que se puña para gabar.
FIGUEIRAS.	
FIGUEROA.	Do latín "ficus" (figo e árbore que os dá).
FILGUEIRA.	Do fitónimo "felgueira", lugar onde se dan os fentos ou felgos.
FOLGUEIRA.	Do fitónimo "felgueira", lugar onde se dan os fentos ou felgos.
FONDEVILA.	
FONTE.	
FONTENLA.	Dun topónimo que vén do latín "fons" (fonte).
FONTES.	
FORMIGA.	
FORMIGO.	
FORMOSO, FERMOSO.	
FORNEIRO.	
FREIXEIRO.	Do topónimo Freixeiro.
FURTADO.	

ANT | SEG | ARRIBA**G**

GAGO.	Do alcume que alude a este defecto físico (pronunciar mal ou tatexar).
GAIOSO.	Do latín "gaudere" (estar contento, alegrarse); da forma "gaudiosu", adxectivo latino vulgar, que se usou na toponimia xunto con "monte"
GALEGO.	É probábel que proveña do nome "galego/a" co que se denominaba os "cristiáns vellos" e que despois se converteu en topónimo como se explica en Genealogia Sarracenorum, do século XII.
GALIÑA.	
GÁNDARA.	Do substantivo "gándara", terra chá e erma con vexetación baixa de toxos, carqueixas...
GONZÁLEZ.	De "Gundisalvo", nome xermánico frecuente en Galicia a partir do século X.
GRANXA.	
GUTÉRREZ.	

ANT | SEG | ARRIBA**H**

HERMO.	
HORTA.	
HORTAS.	
HORTO.	

ANT | SEG | ARRIBA**I**

IGREXAS .	Do latín "eclesia", igrexa.
INFESTA.	Do topónimo Infesta ou Enfesta, que significa "lugar en costa, pino".
ÍNSUA.	Do topónimo Ínsua, que significa "terra rodeada de auga por todas as partes".

ANT | SEG | ARRIBA**L**

LAXE.	
LEDO.	Do latín "laetus", que chegou a significar "o que ten bo estado de ánimo e felicidade".
LIÑO.	Probabelmente do nome da planta "linum usitantissimus", que tivo gran protagonismo na nosa cultura agraria.
LIRA.	Do topónimo Lira, en Carnota.
LOIS.	Do top
LÓPEZ.	Patronímico formado sobre Lopo (de "lupus", lobo)
LOURENZO.	Derivado de "laurus" (louro, loureiro).
LOUSA.	
LOUSADA.	Do nome común "lousa", pedra lisa e chá.
LOUZÁN.	Probabelmente, do alcume "louzán", belo, soberbio, luxurioso, vital.
LOXO.	Ten a súa orixe nun topónimo.

ANT | SEG | ARRIBA**M**

MAÍA.	Da zona da Maía, ao suroeste de Compostela.
MARIÑO.	Do nome común da antiga Roma "Marinus" (Probabelmente do adxectivo "marinus", relativo ao mar).
MEIRIÑO.	
MEIXIDE.	
MÉNDEZ.	De orixe patronímica, significa "fillo de Mendo".
MENIÑO.	
MEXUTO.	De probábel orixe nun alcume.
MIGUÉNS.	Variante de Miguez, ambos os dous derivados do patronímico Miguel.
MIGUEZ.	Variante de Miguez, ambos os dous derivados do patronímico Miguel.
MIRAGAIA.	Probabelmente procede dalgunha casa rica ou singular que bautizaron deste xeito. Significa "vista fermosa ou leda".
MONTEIRO.	Proven dun oficio ou profesión (couteiro, cazador de animais grandes) e deriva da palabra monte.
MONTOUTO.	
MOSTEIRO.	Do topónimo "Mosteiro".
MOURE.	Do topónimo "Moure", que alude ao nome "maurus", habitante do norte de África ou Mauritania.
MOURIÑO.	
MOURO.	Do topónimo "Moure", que alude ao nome "maurus", habitante do norte de

MUIÑO. MUIÑOS.	África ou Mauritania.
-------------------	-----------------------

ANT | SEG | ARRIBA

N

NEIRA.	Do topónimo "Neira".
NETO.	Apelido derivado do nome de parentesco.
NEVES.	
NOBÁS.	Dunha forma do substantivo "nabo" (nabal, nabás ou nabais), que procede do latín vulgar "napu".
NOGUEIRA.	Do fitónimo "nogueira".
NOIA.	Ten a súa orixe nun topónimo.
NOUCHE.	
NOVO.	
NUNES.	De orixe patronímica, "fillo de Nuno".
NÚNEZ.	De orixe patronímica, "fillo de Nuno".
NÚNEZ.	De orixe patronímica, "fillo de Nuno".

ANT | SEG | ARRIBA

O

OUTEIRIÑO.	
OUTEIRO.	De orixe toponímica, que remite a "outeiro".
OXEA.	Apelido de orixe descoñecida.

ANT | SEG | ARRIBA

P

PATIÑO.	
PAXARIÑO.	Do substantivo "paxaro".
PEDRAIO.	Ten a súa orixe nun topónimo.
PEDREIRA.	
PENA .	
PEREIRA.	Do substantivo "pereira", árbore da familia das rosáceas. Outra posíbel orixe á do substantivo "petraria", lugar onde se extrae a pedra.
PEREIRO.	
PÉREZ.	De orixe patronímica "fillo de Pero".
PIÑEIRO.	Do topónimo "Piñeiro", que se deriva da palabra "piña" (do latín pinnea), que é o froito desta árbore.
POMBO .	Do latín "palumbus" (macho da pomba), nome que xa no latín se usaba en diminutivo "palumbulus" como termo afectuoso.
PONTE.	
PORTA.	
PORTELA.	De moitos nomes de poboación. Como nome común significa "paso elevado entre as montaña".
PORTO.	
PORTOS.	
POUSA.	Do substantivo común "pousa", que significa quinta, casa de campo para

POUSADA.	recreo. Moitos lugares de Galicia chámanse A Pousa.
PREGO.	
PREGUE.	
PRETO.	

ANT | SEG | ARRIBA

Q

QUEIROGA.	Desta especie vexetal.
QUINTELA.	Probabelmente do substantivo "quinta".

ANT | SEG | ARRIBA

R

RAMÍREZ.	De orixe patronímica, "fillo de Ranimirus".
RAXOI.	Nome xermánico.
REGA.	
REGO.	
REGUEIRA.	
REGUEIRO.	
REIXA.	
RIBAS.	Do topónimo "Ribas", beira ou ou banda de terra que bordea un río, un lago ou o mar.
RIBEIRA.	Do latín "ripa", que significa a encosta da conca dun río ou da costa do mar.
RIBEIRO.	
ROCHA.	Do substantivo "rocha".
RODEIRO.	
ROMAI.	Do topónimo "Romai", que provén do nome latino "romani".
ROMEU, ROMEO .	Probabelmente do alume que ben significase "peregrino" ou "aquele que arrecende á planta chamada romeu".
ROSENDE.	Do topónimo "Rosende", Probabelmente do nome persoal dun señor da terra chamado Rudesindi.
ROUCO.	Probabelmente veña do alcume que remite ao adectivo "rouco", que vén do latín "raucu".
ROXO.	Do nome común "roxo", cor entre a castaña clara e a amarela.

ANT | SEG | ARRIBA

S

SALGADO.	Do alcume que nace de "salgar" (persoa dotada de graza, viveza...).
SALGUEIRO.	Do topónimo "Salgueiro", que ten orixe fitonímica, isto é, referida ao vexetal.
SÁNCHEZ.	De orixe patronímica, "fillo de Sancho".
SANDE.	Do topónimo "Sande".
SANTALLA .	Do nome da santa.

SANTAMARIÑA.	Do nome da santa.
SANTOMÉ.	Do nome do santo.
SANXIAO.	Do nome do santo.
SANXURXO.	Do nome do santo.
SARDIÑA.	Dun alcume formado con nome de animal.
SARMENTO.	Dun alcume que remite a sarmento "ramallo da viña, especialmente cando é podado" e pode referirse a alguén magro e retorto.
SECO.	Dun alcume que se refire a características corporais ou morais (antónimo de "mollado", pero tamén "sen humor")
SEIVANE .	Procede do nome do Santo (San Johanne).
SEIXAS.	
SEIXO.	
SENRA.	Do topónimo Senra (agra de cereais, barbeito, roza).
SEOANE .	Procede do nome do Santo (San Johanne).
SERÉN.	Do topónimo Serén.
SILVA.	Ben do topónimo Silva ou ben do alcume (alguén de trato espiñento ou non amigábel ao que llo puideron pór).
SIXIREI.	De carácter toponímico. A evolución probábel é a partir de Villa Segeredi > Sigirei > Sixirei.
SOBRIÑO.	Apelido derivado do nome de parentesco.
SOUSA.	
SOUTELO.	Diminutivo de "souto", conxunto de árbores froiteiras e especialmente de castiñeiros.
SOUTO.	Do latín vulgar "saltu", que significaba "panasco, pasto de montaña, pasto entre árbores".
